

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO PARA O FINANCIAMENTO DA REPARACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN 1 DO PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO

En Santiago de Compostela, a 12 de agosto de 2022, na sede da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

REUNIDOS

Dunha parte, xxxxx, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte, xxxxx, co NIF xxxxx, actuando en nome e representación da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, na súa calidade de xerente, en cumprimento das funcións que ten encomendadas a teor do disposto no artigo 16 dos estatutos da fundación.

Interveñen en función dos seus cargos respectivos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen e

EXPOÑEN

Primeiro.- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, segundo o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización, o desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a renovación do sector do comercio e a promoción de sectores e produtos galegos, apoiando as actuacións desenvolvidas polas fundacións feirais para acadar o nivel de competitividade desexábel cara os mercados nacionais e internacionais e que incidan no seu maior desenvolvemento e viabilidade.

Segundo.- A Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo, parte integrante do sector público autonómico, ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades promocionais e, a tal fin, vén desenvolvendo no recinto feiral que xestiona actuacións que se concretan, fundamentalmente, en feiras, certames, exposicións e eventos deportivos.

Terceiro.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas coa finalidade de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

Prevese que esta colaboración no ámbito interno do sector público se faga efectiva a través de certos instrumentos tales como protocolos de colaboración, grupos de traballo, encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas comúns e outros.

Neste sentido, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ten a firme vontade de financiar esta actuación no recinto da Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo xa que redunda na súa mellora e na optimización de todos os recursos existentes.

A Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo ven xestionando de forma claramente exitosa o recinto feiral e conta cos medios e o persoal necesarios para levar a cabo a licitación pública e a execución dos traballos mediante a contratación que corresponda nos termos establecidos na antedita Lei 14/2013, do 26 de decembro, posto que se trata de artellar un instrumento de cooperación dirixido a posibilitar a consecución dunha finalidade común para ambos os dous órganos.

Cuarto.- O presente acordo incardínase no disposto nos artigos 15 e 16 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de colaboración para a financiación conxunta de contratos para a satisfacción dunha finalidade común e, tal e como establece o artigo 15.4 da mesma lei, o convenio atribuirá a tramitación e adxudicación do contrato ao órgano de contratación que conte cos medios técnicos máis especializados na materia obxecto do contrato, neste caso, a Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo.

Quinto.- A celebración deste acordo de colaboración ten como finalidade o financiamento da reparación e mellora da cuberta do pavillón 1 do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. As partes asinantes consideran que a mellora da competitividade do recinto feiral e a posta en valor dos seus recursos favorece o desenvolvemento de actividades nas súas instalacións e a viabilidade do mesmo.

Por isto, dado o interese coincidente das partes e sen prexuízo das achegas que, por medio doutros instrumentos, podan instrumentalizarse para a consecución destas actuacións con outras administracións públicas que tamén forman parte do padroado da fundación, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo acordan a formalización deste acordo de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este acordo ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo para o financiamento das actuacións que se detallan no anexo no recinto ferial do que é titular a fundación, dirixidas á reparación e mellora da cuberta do

pavillón 1 do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, cun orzamento total de 194.674,33 €, IVE excluído.

SEGUNDA.- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará unha parte do financiamento do proxecto por importe de OITENTA E SETE MIL SEISCENTOS TRES EUROS con CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (87.603,45 €), IVE excluído, con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.751A.622.0, proxecto de gasto 2015/00265 "Mellora de infraestruturas nos recintos feirais", do orzamento de gastos para o ano 2022.

O importe restante para o financiamento do proxecto achegarase pola Deputación de Lugo (68.136,02 €, IVE excluído) e polo Concello de Lugo (38.934,87 €, IVE excluído), segundo se detalla no anexo.

TERCEIRA.- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación financiará parte do importe do proxecto obxecto deste acordo de conformidade co establecido na cláusula segunda, para o cal levará a cabo as actuacións contables necesarias para a transferencia dos fondos correspondentes.

CUARTA.- A Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo é o órgano de contratación, correspondéndolle a aprobación do expediente de contratación e a motivación da necesidade do contrato nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público.

Por isto, e sen prexuízo de calquera outra competencia que lle corresponda en virtude da normativa que resulte de aplicación, a Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo realizará os actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista, adxudicación e execución do contrato que sexan precisos para a execución do obxecto deste acordo de colaboración e asumirá, no caso de que así se requira, a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas ou autorizacións regulamentarias que necesariamente deban ser solicitadas pola fundación.

Así mesmo, a Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo achegará a documentación necesaria, xunto coa documentación aportada polo contratista, para que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación proceda á transferencia do importe correspondente.

QUINTA.- A realización das actividades e/ou actos e negocios xurídicos necesarios para a execución dos traballos obxecto deste acordo de colaboración por parte da Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo efectuarase a título gratuito, sen que exista retribución ou tarifa ningunha.

SEXTA.- O libramento da achega pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación levarase a cabo unha vez que a Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo acredite a realización das actuacións que dan orixe a este acordo de colaboración.

Para facer efectivo o devandito libramento, cómpre que a Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo presente certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

SÉTIMA.- Este acordo de colaboración entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

OITAVA.- A subscrición deste acordo non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que desenvolvan as actividades e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

NOVENA.- Este acordo de colaboración resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

En particular, e de acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, son causas de resolución do presente acordo:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.- O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algunha das partes asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMA.- As causas polas que se pode modificar o acordo de colaboración son as seguintes:

- 1.- Por acordo unánime dos asinantes.
- 2.-Cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira de acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Para o seguimento e control do cumprimento deste acordo de colaboración crearase unha comisión de seguimento e control integrada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións asinantes, as cales poderán estar asistidas polos/as técnicos/as que estimen oportunos/as, previa comunicación da súa designación.

Na comisión de seguimento e control informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución dos contratos para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación.

O funcionamento da comisión de seguimento e control regularase polo réxime xurídico dos órganos colexiados contido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e

convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, a Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ao obxecto deste convenio nos citados rexistros públicos creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Así mesmo, a fundación consinte a publicación do acordo de colaboración que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido ás obrigas específicas de información sobre convenios.

DÉCIMO TERCEIRA.- Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación. Non obstante, aplicaranse os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Este acordo rexerese, ademais do disposto no seu clausulado, polos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación a prerrogativa de interpretar este acordo e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos sen prexuízo de que se poidan interpor contra eles os correspondentes recursos contencioso-administrativos.

E, en proba de conformidade, subscríbese este acordo de colaboración no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

POLA XUNTA DE GALICIA
O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Economía, Industria e Innovación

POLA FUNDACIÓN DE FEIRAS E
EXPOSICIÓNS DE LUGO
O xerente

XXXXXXXXXX

XXXXXXXXXX



ANEXO

CADRO ECONÓMICO OBXECTO DO ACORDO DE COLABORACIÓN

ACHEGAS AO ORZAMENTO 2022	IMPORTES
XUNTA DE GALICIA (45 %)	87.603,45 €
DEPUTACIÓN DE LUGO (35 %)	68.136,02 €
CONCELLO DE LUGO (20 %)	38.934,87 €
TOTAL SEN IVE	194.674,33 €

GASTOS DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN 1 PAZO FEIRAS DE LUGO	IMPORTES
OBRA REPARACIÓN E MELLORA CUBERTA PAVILLÓN 1	178.510,33 €
REDACCIÓN PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN	5.880,00 €
REDACCIÓN DO ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE	588,00 €
DIRECCIÓN DE OBRA, CFO E LIQUIDACIÓN	2.520,00 €
OUTROS GASTOS SE INTERVÉN MAIS DUNHA EMPRESA OU TRABALLADORES AUTÓNOMOS (COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE)	1.176,00 €
LICENZA DE OBRA	6.000,00 €
TOTAL SEN IVE	194.674,33 €